

PRESENTACIÓN DO ESTUDO

‘A provisión e xestión de vivendas polo Terceiro Sector de Acción Social de Galicia’

Nerea Rivero

Responsable de incidencia en Vivenda EAPN Galicia

Xosé Cuns

Director EAPN Galicia



POR QUE UN ESTUDO SOBRE O TERCEIRO SECTOR NO ACCESO A VIVENDA?



As entidades do Terceiro Sector son coñecedoras de primeira man das dificultades no acceso á vivenda das persoas en pobreza ou exclusión social



E actúan como un dos principais axentes de acceso e mantemento da vivenda destas persoas

PERO...

non se dispón de información detallada do inmenso traballo que realizan no eido da inclusión socioresidencial


POR QUE UN ESTUDO SOBRE O TERCEIRO SECTOR NO ACCESO A VIVENDA?



Para dar a coñecer e pór en valor o papel que desempeñan as entidades do Terceiro Sector na provisión e xestión de vivenda, así como a súa contribución no acceso e mantemento da mesma ou no desenvolvemento de procesos de inclusión residencial con persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión, levando a cabo actuacións de intermediación inmobiliaria, xunto con enfoques de mediación veciñal e comunitaria.



45 ENTIDADES PARTICIPANTES



Accem

Arela

Boa Vida

Cáritas Diocesana
Mondoñedo – Ferrol

Cáritas Diocesana
Tui – Vigo

CDR O Viso

CDR Portas Abertas

COGAMI

Dano Cerebral Galicia

Down Galicia

Ecos do Sur

Emaús Fundación Social

Fundación Amaranta

Fundación Érguete –
Integración

Fundación Juan
Soñador

Fundación
Secretariado Gitano

Hogar Si

Igaxes

ONG Mestura

MPDL - Movemento
pola Paz

Poten100mos

Provivienda

Saúde Mental Feafes

Agapa

Albores Saúde Mental

Alume Saúde Mental

APAMP

Asociación Amencer Aspace

Asoc. Pro Enfermos Mentales
da Coruña

Asotrame

Aspadeza

Autismo Bata

Avante

A Xanela

Cáritas Diocesana de Ourense

Cáritas Diocesana de Santiago
de Compostela

Casa Santa M^a de la Esperanza
Esclavas de la Virgen Dolorosa

Cruz Vermella

Dar Máis

Diaconía


Down Compostela

Down Vigo


Parkinson Galicia - A Coruña

Rexurdir


O TRABALLO DAS ENTIDADES SOCIAIS NO ACCESO Á VIVENDA EN DATOS




Busca de vivenda



Intermediación con propietarios e axentes inmobiliarios



Mediación comunitaria



Asesoramento e acompañamento


O TRABALLO DAS ENTIDADES SOCIAIS NO ACCESO Á VIVENDA EN DATOS

No período 2025



374

Vivendas xestionadas de xeito directo polas entidades sociais




2.063

Persoas ás que estas vivendas proporcionaron un fogar


O TRABALLO DAS ENTIDADES SOCIAIS NO ACCESO Á VIVENDA EN DATOS

Tipoloxía das vivendas que xestionan as entidades de iniciativa social



FINALIDADE DAS VIVENDAS QUE XESTIONAN AS ENTIDADES

Vivendas xestionadas polas entidades sociais
segunda a súa finalidade



■ Transitorias ■ Emerxencia Social ■ Outra finalidade

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DAS VIVENDAS

➤ Concello de Vigo: 86 vivendas

➤ Concello da Coruña: 54 vivendas

PROVINCIA	TOTAL VIVENDAS PROVINCIA
A CORUÑA	111
LUGO	41
OURENSE	63
PONTEVEDRA	105
NON ESPECIFICA	54


ASÍ FAN AS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL A INCLUSIÓN RESIDENCIAL

No período 2023 - 2025



3.783

Vivendas nas que se realizou algún tipo de intervención



8.647

Persoas beneficiarias de programas e proxectos relacionados directa ou indirectamente co acceso e mantemento da vivenda

ASÍ FAN AS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL A INCLUSIÓN RESIDENCIAL

Tipos de programas de inclusión residencial

Promoción da autonomía persoal ou da vida independente

Apoio e acompañamento integral no acceso e mantemento da vivenda

Fomento de vivenda en alugueiro a prezo accesible e inclusión socioresidencial

Outras especialidades: Protección Internacional, vivendas temporais e fogares a persoas con altas necesidades


A FALTA DE FINANCIAMENTO NA INCLUSIÓN SOCIORESIDENCIAL

47,6%

Entidades realizaron actuaciones que non estiveron especificamente financiadas , o que supón un sobreesforzo económico e profesional

- ✓ Acompañamento e apoio na busca dunha alternativa residencial a persoas con dificultades para acceder a unha vivenda.
- ✓ Información sobre recursos de vivenda.
- ✓ Tramitación e acompañamento no acceso ás axudas para o acceso e mantemento da vivenda, pago de subministracións, rehabilitación, acceso ao Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e outros recursos nesta área.
- ✓ Mediación con propietarios/as de vivenda e inmobiliarias.
- ✓ Asesoramento xurídico no eido da vivenda.
- ✓ Busca de alternativa habitacional e derivación a dispositivos de transición e emerxencia con persoas en situación de senfogarismo.
- ✓ Apoio profesional e económico a persoas ante a perda da vivenda.
- ✓ Mellora da accesibilidade en e ás vivendas.
- ✓ Busca de aloxamentos de emerxencia social para persoas en situación de vulnerabilidade.
- ✓ Apoio económico para o pago do alugueiro e dos gastos de xestión vinculados á vivenda.

ACCESIBILIDADE EN E ÁS VIVENDAS



As entidades valoraron a accesibilidade da seguinte forma:

- Un **6,5 no grao de accesibilidade nas vivendas**, é dicir, a medida en que as persoas teñen facilidade para moverse dentro da vivenda (aseos, corredores interiores, cociña, etc.).
- Un **6,9 no grao de accesibilidade ás vivendas**, é dicir, a medida en que as persoas teñen facilidade para chegar ou entrar na súa vivenda (portal, ascensor, banzos, ramplas, elevadores, etc.).

ACCESIBILIDADE EN E ÁS VIVENDAS

Barreiras estruturais no acceso ás vivendas:

Necesidade de ascensores

Ascensores que non permiten unha boa entrada de cadeiras de rodas

Moitos inmobles presentan chanzos ou tramos de escaleiras previos ao ascensor

O mal estado das beirarrúas e accesos aos portais engade unha dificultade adicional.

Barreiras de acceso e mobilidade nas vivendas:

Vivendas antigas ou que se dividiron en dous que teñen portas e corredores estreitas.

Detectouse necesidade de adaptación dos baños

As cociñas tamén presentan importantes limitacións e requiren reformas para garantir a súa usabilidade

Reclámase unha distribución máis diáfana e funcional dos espazos, que permita zonas de xiro suficientes

PROPOSTAS PARA A PROVISIÓN E XESTIÓN DE VIVENDA POR ENTIDADES



Asegurar o financiamento ás entidades do Terceiro Sector Social

Con experiencia en inclusión socioresidencial de poboación vulnerabilizada nos procesos de intermediación inmobiliaria, enfoque e mediación veciñal e comunitaria.



Desenvolver o modelo de entidades sociais sen ánimo de lucro proveedoras de vivenda accesible a través da fiscalidade (bonificación do ITP/AJD), financiamento e a normativa.



Potenciar a compra de vivenda por parte de entidades sociais para destinala a vivenda de alugueiro a prezo accesible



Incentivar a cesión de vivendas a entidades sociais

Por parte de particulares e administracións públicas con obxecto de garantir a inclusión socioresidencial da poboación en situación de vulnerabilidade e atender situacións de emerxencia residencial.

PROPOSTAS PARA A PROVISIÓN E XESTIÓN DE VIVENDA POR ENTIDADES

5

Fomentar doazóns de vivendas en vida ou herdanzas

Por parte de particulares ás entidades sen ánimo de lucro para acceso a persoas en pobreza ou exclusión social, establecendo beneficios fiscais e asesoría.

6

Recoñecer e incorporar ás entidades do Terceiro Sector como actores clave

Na execución de programas de alugueiro alcanzable, dende o deseño ata a execución.

7

Provisión de fondos económicos estables e plurianuais

Que garantan actuacións de inclusión socioresidencial con persoas en situación de pobreza ou exclusión social, máis alá das convocatorias anuais de inclusión social e do IRPF, permitindo continuidade e estabilidade nos programas.

8

Creación dun fondo público para o pagamento de avais e seguros

Fronte a impagos, co fin de ofrecer seguridade xurídica ás persoas propietarias que aluguen vivendas a persoas ou familias en situación de pobreza ou exclusión social.

PROPOSTAS PARA A PROVISIÓN E XESTIÓN DE VIVENDA POR ENTIDADES

11

Creación de liñas específicas e establecemento de convenios estables entre as administracións públicas e as entidades do Terceiro Sector

Que permitan a xestión social do parque público de vivenda destinado a colectivos vulnerables, mediante modelos de alugueiro social, vivenda tutelada ou outras fórmulas adaptadas, incorporando de maneira estrutural o acompañamento social e a intervención integral.

12

Constituír unha bolsa de vivendas de alugueiro a prezo accesible e xestionadas por entidades do Terceiro Sector Social

Para destinalas a persoas en situación de pobreza ou exclusión social. Establecendo incentivos económicos, fiscais e xurídicos para as persoas propietarias que aluguen a súa vivenda por este medio.

13

Priorizar ao Terceiro Sector na concesión de terreos públicos

Con fins residenciais para o desenvolvemento de proxectos de vivenda social ou alugueiro a prezos accesibles.

14

Impulso da formación técnica e xestión de vivenda social e acompañamento residencial

Dirixida tanto a profesionais do Terceiro Sector como ás administracións públicas, co fin de garantir unha intervención coordinada, ética e centrada na persoa.

DESCARGA O ESTUDO

